

:: A Galaxia Gutemberg non, a outra [a do universo paralelo] ::
Artigo para Sermos Galiza, 2012

Hai uns días, deuse a coñecer o descubrimento de pinturas rupestres en Triacastela. Cedo aínda para precisar a súa datación, non así para saber que tamén aquí aqueles homos púñanse por escrito: axeonllados, entebrecidas, proxectando as súas mans e os seus cervos como unha conversa co futuro. Pero desde Cova Eirós á Galicia actual, o xeito de nos tishar e imprimir polas paredes mudou bastante.

Escribir é unha cousa e lidar cun mercado editorial, outra moi distinta. Se nos volvemos cara á internet - e xa temos as nosas tortícolis de tanto facelo- hoxe en día os ríos de tinta van dar a un dispositivo de almacenamento que acaba por colgalos na nube. Como ciclo hidrolóxico, encaixa. Pero, onde se sitúa a literatura galega neste engrenaxe?

Falta de lectores e de visibilidade menciónanse sempre que se fala do mercado galego. Pola miña banda, poría o acento tamén nas alternativas á lectura de textos con dereitos de autor. Dun xeito tímido, algunhas editoriais, asociacións ou plataformas en rede ofreceron a posibilidade de lectura e descarga. Pero, véndolle os tentáculos á tinta binaria, aínda queda traballo. De xeito análogo ao xornalismo, resucitado ao terceiro día -segundo as Escrituras en 140 caracteres- tras a súa morte anunciada en papel, a viúva literaria podería gozar dunha segunda vida, porén fica ás portas do epub -ou do pdf-, dubidando entre se entrar ou non.

Eis o malvado plan -como o de tantos outros que queren seguir escribindo na lingua e vense postergados por editoriais que, simplemente, non dan abasto-: pór obra literaria propia e allea a disposición de quen queira. E que pasa cos axentes, libeiros, deseñadores e co labor de *curator* ou *luthier* dos bos editores, que abofé que hai?

O inimigo non é o editor, téño claro. Non hai inimigos senón formas rancias de enfrontarse a preguntas urxentes e, se cadra, certa lentitude de reflexos por parte dun sistema literario que mesmo vén de saír do seu coma inducido de séculos. Sei que habería quen lería a Carl Sagan ou a Susan Sontag ou a Mo Yan en galego. Eu son unha desas persoas. O mesmo coa poesía, cuxa natureza en cápsulas favorece administrar as doses vía internet, sen a celulosa de tanto eucalipto imposto como horizonte.

Quen quixer retribución a tal esforzo, iniciativas habelas hailas: desde o sonado crowdfunding até contas de doazóns a través de PayPal, por exemplo. Deixar ao criterio do consumidor final a opción de pagar por unha obra, con custos asumibles. Coido que ese é un tentáculo. Como a ilusa que son, ando en traducións cuxo froito espero colgar da árbore dixital aos poucos. E, xa que neste xogo trátase diso, deberá sementar noutros se é que non agrelou xa. As ideas, como o pole e as bacterias, forman parte da composición do aire. E o literariamente ñam apañarase, abribase. Cando sexa. Como sempre.

Estíbaliz Espinosa